

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 2 de agosto de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións para proxectos de saúde pública no campo do VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual realizados en Galicia por entidades privadas sen ánimo de lucro.

A infección polo VIH (virus de inmunodeficiencia humana) e a sida (síndrome de inmunodeficiencia adquirida) continúan a ser un dos principais problemas de saúde pública a nivel mundial, aínda que en menor medida nos países desenvolvidos. En Galicia, a pesar das melloras experimentadas nos últimos anos, cómpre continuar co impulso das accións de saúde pública encamiñadas a enfrontar este importante problema de saúde que representan o VIH e as demais ITS. Dentro do marco das actividades anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS) no campo da saúde pública atópase o apoio a proxectos, de entidades privadas sen ánimo de lucro, que participan e colaboran desde os seus respectivos ámbitos coa Consellería de Sanidade no esforzo global anti VIH/sida en Galicia. Esta orde vai dirixida a achegar financiamento a proxectos priorizados das accións de saúde pública que realizan estas entidades no campo do VIH/sida e outras ITS.

Esta orde incorpora dous criterios de valoración da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no seo das entidades privadas sen ánimo de lucro que solicitan estas axudas. Estes criterios están inspirados nos principios de actuación en materia de igualdade recollidos no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Para tal fin, e con suxeición ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da Xunta de Galicia, e de acordo, coas facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, nos seus artigos 34 e 38,

RESOLVO:**Artigo 1. Obxecto**

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar, en réxime de concorrência competitiva, subvencións a proxectos de saúde pública, relacionados coa



infección polo VIH, a sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS) que realicen en Galicia entidades privadas sen ánimo de lucro ao longo do período comprendido entre o 1 de xuño de 2017 e o 31 de maio de 2019.

O código do procedemento regulado a través desta orde é o SA645A. Este código facilita a identificación na sede electrónica da Xunta de Galicia dos formularios desta orde.

Os proxectos subvencionados deben desenvolver as súas actividades un mínimo de tres meses no período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2017, ademais dun mínimo de seis meses entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018 xunto cun mínimo de tres meses entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2019.

Como máximo subvencionaranse os dez proxectos que resulten máis valorados, en función dos criterios de valoración establecidos no artigo 14 desta orde.

Artigo 2. *Orzamento*

1. Para o financiamento destas axudas está previsto un crédito de trescentos noventa mil euros (390.000,00 €) que se distribuirán do seguinte xeito:

– Para o segundo semestre de 2017 asignarase un importe de noventa e nove mil setecentos dezasete euros (99.717,00 €) que se cargará á aplicación orzamentaria 1102.413A.481.1.

– Para o ano 2018 asignarase un importe de cento noventa e cinco mil euros (195.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria que corresponda dos ditos orzamentos para o ano 2018.

– Para o primeiro semestre de 2019 asignarase un importe de noventa e cinco mil douscentos oitenta e tres euros (95.283,00 €) con cargo á partida orzamentaria que corresponda dos ditos orzamentos para o ano 2019.

A efectividade da asignación aos proxectos seleccionados dos importes das subvencións para os anos 2018 e 2019 queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para eses anos.

2. O crédito previsto no punto anterior deste artigo poderá ser ampliado nos supostos e condicións previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En todo caso,

CVE-DOG: ukpg6wz7-btj8-gkg5-a8a4-tnlstd1uy6g8



o incremento de crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia da concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no citado artigo ou da dispoñibilidade de fondos procedentes do Estado. Cando proceda, será necesario aprobar a oportuna modificación orzamentaria. Nestes supostos, o órgano concedente das subvencións terá que de publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que esta publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo compute de prazo para resolver.

En todo caso, a concesión das subvencións reguladas nesta orde, limitarase ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no momento de resolución desta convocatoria de subvencións.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

Poderán solicitar e ser beneficiarias destas subvencións as entidades privadas sen ánimo de lucro que presenten un único proxecto e que cumpran co obxecto e normas desta orde, sempre e cando non estean incursas nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que imposibilitan obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora das subvencións.

Artigo 4. *Requisitos*

1. O proxecto deberá realizarse integramente na Comunidade Autónoma de Galicia e deberá ter como área xeográfica de actuación, polo menos, unha das seguintes áreas sanitarias: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, O Salnés, Pontevedra, Vigo, Cervo, Lugo, Monforte de Lemos, Ourense e O Barco de Valdeorras.

2. Para desenvolver o proxecto, a entidade beneficiaria deberá dispor en Galicia como mínimo de:

- a) Un local con capacidade para levar a cabo o proxecto.
- b) Unha persoa contratada para desenvolver o proxecto.

3. O proxecto recollerá obrigatoriamente a promoción do uso de preservativos e a súa distribución.

4. Para o cumprimento dos obxectivos do proxecto, poderase empregar material divulgativo editado pola Consellería de Sanidade ou polo Ministerio de Sanidade, Servizos



Sociais e Igualdade. Calquera outro material divulgativo que se pretenda usar e/ou distribuír, deberá presentarse previamente no Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles da Dirección Xeral de Saúde Pública, para que neste servizo se valore a súa idoneidade e se proceda á validación e autorización previa do seu uso e/ou distribución.

Artigo 5. *Contidos do proxecto*

Poderán subvencionarse os proxectos que, como mínimo, teñan por obxecto algunha das seguintes actividades:

1. Facilitar e fomentar o uso do preservativo nos colectivos máis vulnerables ás ITS.
2. Promover a realización da proba do VIH ás persoas con prácticas de risco.
3. Campañas efectivas de concienciación respectuosas e inclusivas de todas as ITS dirixidas á mocidade LGTBI.
4. Campañas de visibilización e información do tratamento de profilaxe postexposición ao VIH, como segunda e última oportunidade para evitar a aparición desta infección.
5. Programas específicos de prevención do VIH e outras ITS para persoas que exercen a prostitución e os/as seus/súas clientes.
6. Programas de prevención para persoas que viven co VIH e/ou en casas de acollida para persoas afectadas polo VIH/sida.
7. Programas de rúa ou achegamento que faciliten o acceso á información sobre o VIH e as demais ITS e aos servizos sanitarios, en poboacións especialmente vulnerables á infección polo VIH.
8. Actividades preventivas da transmisión do VIH por vía sexual, coa participación de pares.
9. Educación para a saúde con perspectiva de xénero, sobre hábitos sexuais saudables, infección polo VIH e a sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS).
10. Programas de loita contra o estigma e a discriminación das persoas afectadas polas ITS e de modo especial polo VIH e a sida.



11. Campañas divulgativas a través de redes sociais e/ou de aplicacións (app) de contactos.

Artigo 6. *Conceptos subvencionables*

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, en particular:

a) Gastos de persoal.

b) Axudas de custo por desprazamento (debidamente xustificadas en relación co proxecto).

c) Gastos de vehículos, cuxa titularidade corresponda á entidade privada que reciba a subvención, empregados para desenvolver o proxecto: imposto de circulación, seguro, mantemento, reparacións, consumo de combustible, garaxe e aparcadoiro. As facturas incluírán a matrícula do vehículo.

d) Gastos de material de oficina, preventivo, divulgativo e de visualización social do proxecto.

e) Gastos vinculados ao local: alugueiro, electricidade, gas, auga, lixo, comunidade, limpeza, seguros, imposto sobre bens inmoables. Quedan excluídos os gastos de investimento inmobiliario.

f) Telefonía e tecnoloxías da información e comunicación (TIC), correos e mensaxaría.

g) Gastos de xestión e gastos financeiros derivados do proxecto.

h) Gastos de publicidade e xestión de redes sociais e/ou app de contactos.

2. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación e os pagamentos deberán acreditarse a través de xustificantes de pagamento. En todo caso, a forma de xustificación deberá atender ao previsto no artigo 28, números 1, 2, 3 e 4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 7. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.



Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 8. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

Unha memoria técnica do proxecto que se estea realizando ou se pretenda realizar cunha extensión máxima de 10 páxinas, debidamente asinada pola persoa que exerce a representación legal da entidade solicitante.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que a súa consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria deberá presentarse de forma electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de forma presencial, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.



Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) NIF da entidade sen ánimo de lucro solicitante de subvención.
- b) DNI da persoa representante da entidade solicitante.
- c) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas fronte á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas fronte á Axencia Tributaria de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar das persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Artigo 10. Características da memoria técnica

A memoria técnica deberá incluír a seguinte información:

1) Datos de identificación:

- Nome da entidade, título do proxecto, calendario e lugar de realización.
- Datos da persoa coordinadora do proxecto: nome, apelidos, DNI, teléfono e correo electrónico.
- Datos das persoas contratadas para o proxecto: nome, apelidos, DNI, formación académica, funcións e tempo dedicado.
- Datos das persoas voluntarias para o proxecto: nome, apelidos, DNI, formación académica, funcións e tempo dedicado.

2) Deseño:

O deseño da memoria técnica debe incorporar nunha parte de xustificación, obxectivos, material, método e avaliación.

3) Orzamento total previsto para o desenvolvemento do proxecto durante o período 2017-2019. O orzamento presentarase desagregado nos seguintes conceptos:

- Gastos de persoal.
- Gastos de local.
- Gastos de material preventivo e divulgativo.
- Gastos de desprazamento.
- Recursos propios.

4) Importe solicitado de subvención.**5) Lugar, data e sinatura da persoa representante legal da entidade.**

Artigo 11. *Emenda e mellora da solicitude*

Se unha solicitude non está debidamente cuberta ou non se achega a documentación exigida, requirirase á entidade solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se lle terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados de forma electrónica accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. *Instrución e comisión de valoración***1. Instrución.**

O Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles é o órgano competente para a instrución e realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Comisión de valoración.

A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva, polo que, unha vez instruídos os expedientes, constituirase como órgano colexiado unha comisión de valoración que avaliará os proxectos presentados polas entidades solicitantes, de acordo cos criterios de valoración das solicitudes establecidos no artigo 14 desta orde. A dita comisión levantará acta de todas e cada unha das sesións en que se constitúa para a valoración das solicitudes e dos proxectos presentados. Despois de valorar todos os proxectos, a comisión de valoración elaborará un informe que remitirá ao órgano instructor.

Para a válida constitución do órgano, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial ou a distancia, do presidente/a e secretario/a ou, se é o caso, de quen os supla, e a da metade, polo menos, dos seus membros. Cando estean reunidos, de maneira presencial ou a distancia, o secretario/a e todos os membros do órgano colexiado ou, se é o caso, os que os suplan,



estes poderán constituírse validamente como órgano colexiado para a celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos sen necesidade de convocatoria previa cando así o decidan os seus membros tal como se recolle no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (de agora en diante Lei 40/2015, do 1 de outubro). Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos membros que a compoñen non pode asistir, delegará na persoa que, para o efecto, designe o/a titular. Na composición dos membros da comisión de valoración, procurarase acadar unha composición equilibrada entre homes e mulleres. A comisión de avaliación rexerase polo establecido na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

- a) A persoa titular da Dirección Xeral de Saúde Pública ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a.
- b) A persoa titular da Subdirección Xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía.
- c) A persoa titular da xefatura do Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles.
- d) Unha persoa técnica do devandito servizo, que actuará como secretario/a.

Unha vez avaliadas as solicitudes e á vista do informe da comisión de valoración, o Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles formulará unha proposta de resolución debidamente motivada.

Artigo 14. *Criterios de valoración*

1. Rigor metodolóxico do proxecto: ata un máximo de 30 puntos.

1.1. A xustificación do proxecto: 0 a 5 puntos. Puntuación mínima exixida 2 puntos.

Valoraranse os recursos existentes nas áreas de actuación para atender a estas persoas, necesidades demandadas no campo do VIH/sida e outras ITS, resultados de anos anteriores nas persoas atendidas polo proxecto, etc.

1.2. Definición e cuantificación de obxectivos: 0 a 5 puntos. Puntuación mínima exixida 2 puntos.

CVE-DOG: ukpg6wz7-btj8-gkg5-a8a4-tmstd1uy6g8



Valorarase a prioridade dos obxectivos (xerais e específicos), a concreción, viabilidade, cuantificación, etc.

1.3. Material e método empregado con definición da poboación, dos contidos e do plan de traballo: 0 a 15 puntos. Puntuación mínima exixida 7 puntos.

Valorarase a definición das características da poboación sobre a cal se vai a traballar (área xeográfica, número de persoas, factores de risco fronte ao VIH e outras ITS, vulnerabilidade, etc.), a información que se difunde nas charlas e obradoiros, a planificación das actividades (lugar de realización, calendario, local empregado, titulación e experiencia das persoas que desenvolven as actividades), etc.

1.4. Criterios de avaliación do proxecto: 0 a 5 puntos. Puntuación mínima exixida 2 puntos.

Valorarase a definición de indicadores, o estándar de referencia de cada indicador, a identificación cos obxectivos marcados e a fonte da información.

Deberá acadarse a puntuación mínima en todas e cada unha destas epígrafes.

Só se admitirán e valorarán os proxectos que acaden a puntuación mínima en todas as epígrafe deste punto, independentemente da puntuación acadada noutros puntos deste artigo.

2. Tipo de colectivo diana a que vai dirixido. Valorarase só o colectivo principal e de existir máis de un, valorarase só o definido como principal no proxecto. Nesta epígrafe, só se puntuarán os proxectos que teñen claramente definido un colectivo principal. A valoración dos colectivos será a seguinte:

Transexuais: 30 puntos.

HSH: 25 puntos.

Persoas que vivan co VIH/sida e o seu contorno: 10 puntos.

Prostitución: 7 puntos.

Inmigrantes: 2 puntos.



Persoas internas en prisións: 2 puntos.

Mocidade non escolarizada ou pertencente a grupos con elevada vulnerabilidade social (residente en centros tutelares de menores, minorías étnicas marxinadas, familias desestruturadas, etc.): 1 punto.

Transeúntes, persoas sen fogar e minorías étnicas marxinadas: 1 punto.

Mulleres: 1 punto.

Persoas con máis de 54 anos: 1 punto.

Outros colectivos: 0 puntos.

3. Dispor de persoal contratado pola entidade beneficiaria para realizar o proxecto: ata un máximo de 30 puntos. Por cada traballador/a contratado/a: 15 puntos.

4. Valorarase a incidencia de VIH da provincia en que se realiza o proxecto segundo os datos publicados pola Dirección Xeral de Saúde Pública na páxina web do Sergas:

http://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/4107/INFORME_2016_vih_sida_galego.pdf

– Provincia de maior incidencia: 20 puntos.

– Segunda provincia de maior incidencia: 17 puntos.

– Terceira provincia de maior incidencia: 10 puntos.

– Provincia de menor incidencia: 5 puntos.

De traballar en máis dunha provincia, puntuarase a de maior puntuación.

5. Proxectos que continúan respecto do ano anterior: 20 puntos.

6. Valorarase a porcentaxe da partida orzamentaria de gastos de persoal, sobre o total do orzamento do proxecto:

– Igual ou máis do 80 %: 0 puntos.

– Entre o 60-79 %: 20 puntos.



– Entre o 40-59%: 10 puntos.

– Entre o 20-39 %: 5 puntos.

– Igual ou menos do 19 %: 0 puntos.

7. Duración das actividades do proxecto: 1 punto por mes.

8. Realizar probas rápidas de VIH en fluído oral a persoas con prácticas de elevado risco para a infección polo VIH dentro do Proxecto de detección anónima do VIH en Galicia do Plan galego anti VIH/sida ou outras infeccións de transmisión sexual (ITS): 18 puntos.

9. Realizar actividades de prevención en casas de acollida para persoas afectadas polo VIH/sida: 15 puntos.

10. Recoller a perspectiva de xénero e a linguaxe non sexista: 15 puntos. Para poder puntuar esta epígrafe debe presentarse unha acreditación de formación neste aspecto da persoa que coordina ou traballa no proxecto.

11. Integración da igualdade na política de emprego e relacións laborais das entidades solicitantes.

Este criterio medirá dous parámetros: a masculinización dos postos de responsabilidade (dirección e xerencia) (a) e a diferenza salarial por categorías entre mulleres e homes (b).

a) A masculinización dos postos de responsabilidade calcularase coa porcentaxe de persoal director e xerente por sexo no mes de referencia (marzo de 2017). Considerarase masculinizado se a porcentaxe de homes excede o 70 %. A puntuación deste parámetro é a seguinte:

1. Entidade con postos de dirección e xerencia masculinizados: 0 puntos.

2. Entidade con postos de dirección e xerencia igualitarios: 4 puntos.

b) A diferenza salarial soamente se aplicará ás entidades que teñan mulleres e homes asalariados nun ou máis grupos de ocupación. A definición de ganancia por hora



segundo o sexo e ocupación é o cociente entre o salario bruto mensual e as horas traballadas (normais e extraordinarias) no mes de referencia (marzo de 2017) por grupos de ocupación:

1. Dirección e xerencia.
2. Persoal técnico e profesional científico e intelectual.
3. Persoal técnico, profesionais de apoio.
4. Persoal empregado contable, administrativo e outro persoal empregado de oficina.
5. Persoal traballador de restauración, persoal, protección e comercio.
6. Persoal artesán e cualificado das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria).
7. Persoal operador de instalacións e maquinaria e montadores.
8. Ocupacións elementais*.

* Grupos extraídos da Enquisa de estrutura salarial do INE (fonte: IGE).

A puntuación deste parámetro é a seguinte:

Diferenza nalgún grupo >10 %: 0 puntos.

Diferenza máxima do 10 % en todos os grupos: 1 punto.

Ausencia de diferenza en todos os grupos: 10 puntos.

Para o cálculo da ganancia por hora a entidade deberá presentar a nómina de todas as mulleres e homes asalariados pola entidade no mes de referencia (marzo de 2017) xunto co TC2 dese mes.

12. Valorarase o uso do galego no desenvolvemento xeral do proxecto e na elaboración de documentación como a memoria técnica ou o material divulgativo: 15 puntos.

13. Dispor de local social por parte da entidade beneficiaria. Puntuarase un máximo de dous locais, valorados do seguinte modo cada un:

– En propiedade: 5 puntos.

CVE-DOG: ukpg6wz7-btj8-gkg5-a8a4-tmstd1uy6g8



- En arrendamento: 2 puntos.
- En cesión dunha Administración pública: 1 punto.
- En cesión dunha persoa ou institución privada: 1 punto.

14. Realizar actividades de loita contra a discriminación das persoas afectadas polo VIH/sida: 10 puntos.

15. Participación de educadoras/es de pares no desenvolvemento do proxecto: 8 puntos.

16. Tamaño poboacional das áreas sanitarias en que se realiza o proxecto:

Grupo 1 (>250.000 habitantes): A Coruña, Santiago, Vigo, Ourense: 4 puntos.

Grupo 2 (100.000-250.000 habitantes): Ferrol, Lugo, Pontevedra: 2 puntos.

Grupo 3 (<100.000 habitantes): Cervo, O Salnés, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras: 1 punto.

Para puntuar cada área o proxecto disporá de local e persoa contratada para traballar en cada unha das áreas. Puntuaranse un máximo de dúas áreas sanitarias.

17. Promover a realización da proba do VIH nas persoas con prácticas de risco para a infección polo VIH: 5 puntos.

18. Número de persoas voluntarias participantes no proxecto: ata un máximo de 5 puntos. Por cada persoa voluntaria participante: 1 punto.

19. Desenvolver campañas a través de redes sociais: 4 puntos.

20. Presentar unha certificación acreditativa de calidade da entidade solicitante: ata un máximo de 5 puntos.

ISO: 5 puntos.

FQM: 2 puntos.

Outras: 1 punto.



Para resolver os posibles empates empregaranse os seguintes criterios:

- 1º. O que dispoña de plan de igualdade na entidade.
- 2º. O que obteña maior valoración no punto 1.
- 3º. O que obteña maior valoración no punto 2.
- 4º. O que empregue o galego no desenvolvemento xeral do proxecto.
- 5º. O que presente antes a solicitude destas axudas.

Artigo 15. *Contías das subvencións*

1. A contía solicitada pode ser como máximo o orzamento do proxecto.

2. O importe máximo que pode ser obxecto de subvención para cada proxecto é a contía solicitada para desenvolver o proxecto que non está subvencionada por ningunha outra entidade pública ou privada.

3. Determinación das contías das subvencións:

Os dez proxectos máis puntuados ordenaranse de maior a menor puntuación e o importe que se lle adxudicará a cada proxecto estará determinado por esta orde de puntuación.

- 3.1. Cálculo dos importes das subvencións para os anos 2017, 2018 e 2019:

Ao proxecto máis puntuado concederáselle o 14 % da partida orzamentaria dispoñible dese ano, ao segundo proxecto máis puntuado concederáselle o 12 %, ao terceiro o 11 %, ao cuarto o 10,5 %, ao quinto o 10 %, ao sexto o 9,5 %, ao sétimo o 9 %, ao oitavo o 8,5 %, ao noveno o 8 % e ao último proxecto concederáselle o 7,5 % do orzamento dese ano.

3.2. Comprobarase que non se conceden contías superiores ao importe máximo que pode ser obxecto de subvención para cada proxecto. Sumaranse os importes concedidos para os anos 2017, 2018 e 2019 de cada proxecto e se o resultado desta suma é superior ao dito importe, concederase este último.

3.3. O posible resto orzamentario que poida xurdir adxudicarase ao proxecto máis puntuado. De non esgotarse o resto orzamentario con este proxecto, adxudicarase o importe



restante ao seguinte proxecto máis puntuado, e así sucesivamente. A adxudicación do resto orzamentario terá sempre en conta que se cumpre o punto 2 deste artigo.

No caso de subvencionar menos de 10 proxectos, seguirase o mesmo proceso de adxudicación de importes definido neste artigo e os importes menores que queden sen adxudicar consideraranse resto orzamentario e, polo tanto, distribuirase entre os demais proxectos como tal.

3.4. O importe que se lle concederá a cada proxecto será o resultado de seguir os catro puntos anteriores.

Artigo 16. *Resolución*

1. Establécese un prazo máximo de catro meses, contado desde a data da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) desta convocatoria para a resolución das solicitudes presentadas. O vencemento deste prazo máximo establecido sen que se ditase nin se notificase resolución expresa desta convocatoria terá carácter desestimatorio das solicitudes por silencio administrativo. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo será adoptada pola Administración sen ningunha vinculación ao sentido do silencio, de acordo co establecido no artigo 24.3.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Unha vez emitida a proposta de resolución polo órgano instructor, a persoa titular da Consellería de Sanidade ditará resolución de conformidade co previsto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A resolución, deberá conter, de maneira expresa, a relación de proxectos de entidades beneficiarias ás cales se lles concede a subvención e a desestimación do resto das solicitudes xunto coas contías destas axudas para o período 2017-2019.

3. Todo incumprimento ou alteración das condicións en que se basea a concesión da subvención e, se é o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados (nacionais ou internacionais), poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 17. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos ás entidades efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos fixados na normativa reguladora do procedemento administrativo común, coas excepcións previstas na dita normativa, singularmente no artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

CVE-DOG: ukpg6wz7-btj8-gkg5-a8a4-tmstd1uy6g8



2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

4. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5. Unha vez notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para aceptala, presentando a correspondente declaración de aceptación ou renuncia da subvención concedida segundo os modelos dos anexos III e IV. Transcorrido o dito prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o órgano ou entidade responsable da iniciativa publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

De conformidade co previsto nos artigos 3.3 e 4.2 b) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ás entidades, solicitantes e beneficiarias das subvencións que se convocan, están obrigadas a lle subministrar á Consellería de Sanidade, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da dita lei.



2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 19. *Recursos*

1. Contra a resolución do procedemento que pon fin á vía administrativa, as entidades poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ante o conselleiro de Sanidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución á entidade beneficiaria ou, no caso de silencio, a partir do día seguinte ao remate do prazo fixado no artigo 16.1 para a resolución das solicitudes de subvencións.

2. Igualmente poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación se a resolución é expresa; se non o fose, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

3. De presentarse recurso potestativo de reposición, non poderá acudir á vía contencioso-administrativa ata que este sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

4. Non obstante, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, poderase requirir previamente ao órgano que ditou a resolución, para que derogue a disposición, anule ou revogue o acto, no prazo de dous meses contados desde a notificación da resolución. O requirimento entenderase rexeitado se non fose contestado no mes seguinte á súa recepción.

Artigo 20. *Xustificación*

Ao longo do período 2017-2019 deberán remitirse, como mínimo, dúas contas xustificativas. A primeira remitirase con data límite o 31 de outubro de 2018 e incluírá a xustificación económica correspondente a 2017 e 2018. A segunda remitirase con data límite o 31 de maio de 2019 e incluírá a xustificación económica restante. Á marxe destas contas



xustificativas, as entidades beneficiarias poderán presentar máis contas xustificativas a medida que se vaian producindo os gastos do proxecto.

De conformidade co previsto no número 3 do artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, cada conta xustificativa abranguerá:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación do proxecto, das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Unha memoria económica do custo das actividades realizadas que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos da actividade que inclúa a seguinte información:

- Número de orde do documento na relación de gastos.
- Nome da entidade beneficiaria que emite o documento de gasto.
- NIF da entidade beneficiaria que emite ese documento.
- Concepto do gasto (se é unha nómina deberá indicar o nome, os dous apelidos e o DNI da persoa empregada, xunto co mes e o ano da nómina).
- Número identificativo do documento.
- Data de emisión do documento.
- Data de pagamento dese gasto.
- Importe total do documento e, se é o caso, importe imputado á subvención.

Ao final desa relación debe incluírse o importe total dos gastos pagados imputados a esta subvención, a sinatura da persoa responsable da entidade beneficiaria, o lugar e a data da sinatura. Independentemente da data de adxudicación da subvención, nas relacións de gastos aceptaranse os gastos pagados desde o 1 de xuño de 2017 ata a data da presentación da conta xustificativa. As facturas presentadas nunha relación de gastos non se incluírán en sucesivas relacións de gastos.



b) A presentación (orixinal ou copia cotexada) das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación a que se fai referencia na anterior alínea e a documentación acreditativa do pagamento.

Os recibos asinados terán validez para xustificar pagamentos ata un importe máximo de 1.000,00 € por proxecto.

3. Anexo II coa relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen o proxecto con indicación do importe e a súa procedencia. Este documento terá que estar asinado polo/a representante da entidade beneficiaria.

Artigo 21. *Pagamento e xestión económica*

Os pagamentos correspondentes a cada subvención concedida realizaranse de conformidade co previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e farase efectiva para cada un dos exercicios orzamentarios da seguinte forma:

Pagarase o importe máximo que pode ser obxecto de anticipo á conta da subvención concedida tras a publicación, da resolución de concesión destas axudas de acordo co punto 1.1 do artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Este importe será como máximo o importe concedido para o 2017. Os importes restantes de 2018 e 2019 pagaranse unha vez completados correctamente os procesos de xustificación. Poderanse facer pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse pola contía equivalente á xustificación presentada que non poderá exceder, en ningún caso, a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

En todo caso, segundo o disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 60.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias terán acreditado con anterioridade ao pagamento que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición derogatoria única.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.



Artigo 22. Obrigas das entidades beneficiarias

Tendo en conta o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o capítulo III do título preliminar do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas das entidades beneficiarias:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante a Consellería de Sanidade, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Sanidade, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á Consellería de Sanidade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ás entidades beneficiarias en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



h) Adoptar as medidas de difusión contidas no número 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 23 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 23. *Revogación e reintegro das axudas*

O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas na presente orde, así como a duplicidade de axudas con cargo a outros créditos dos orzamentos xerais do Estado, da Seguridade Social e da Administración institucional, autonómica ou local, constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro pola entidade beneficiaria ou solicitante, xunto cos xuros de demora, segundo o previsto no artigo 33.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 24. *Infraccións e sancións*

No relativo a esta materia, rexerá o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 25. *Contraprestacións da Consellería de Sanidade*

A Consellería de Sanidade facilitará, para a realización dos proxectos, materiais divulgativos e preventivos de maneira gratuíta segundo as dispoñibilidades e protocolos da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Disposición adicional única. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións comerciais e económicas con terceiros» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica-Servizo Galego de Saúde. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería



de Sanidade, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: A/A Secretaría Xeral Técnica, Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela; ou a través dun correo electrónico a secretaria.xeral@sergas.es.

Disposición derradeira primeira. *Lexislación aplicable*

Aos aspectos non contidos nesta orde aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e, supletoriamente, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado mediante Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Disposición derradeira segunda. *Órgano responsable*

A Dirección Xeral de Saúde Pública adoptará as medidas oportunas para o seguimento, avaliación, difusión e execución dos proxectos seleccionados, previstos nesta orde, así como para o seguimento, avaliación, e difusión dos proxectos seleccionados para o seu financiamento.

Disposición derradeira terceira. *Instrucións de aplicación e desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Saúde Pública para ditar as instrucións necesarias que permitan a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017

Jesús Vázquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade

CVE-DOG: ukpg6wz7-btj8-gkg5-a8a4-tnlstd1uy6g8





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE SAÚDE PÚBLICA NO CAMPO DO VIH/SIDA E OUTRAS INFECCIÓNS DE TRANSMISIÓN SEXUAL REALIZADOS EN GALICIA POR ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LÚCRO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SA645A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	--	---------------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE					
RAZÓN SOCIAL					NIF
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: ☐ Persoa solicitante ☐ Persoa representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS DO PROXECTO	
NOME DO PROXECTO PARA O CAL SOLICITA A SUBVENCIÓN	

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA	
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:	
☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.	
☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:	
AXUDA/S SOLICITADA/S	
ORGANISMO	IMPORTE (€)
AXUDA/S CONCEDIDA/S	
ORGANISMO	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADEANEXO I
(continuación)**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Memoria técnica do proxecto obxecto desta subvención.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
☒ NIF da entidade solicitante.	☐
☒ DNI da persoa representante.	☐
☒ Estar ao día no pagamento de obrigas fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria.	☐
☒ Estar ao día no pagamento de obrigas fronte á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.	☐
☒ Estar ao día no pagamento de obrigas fronte á Axencia Tributaria de Galicia.	☐

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a secretaria.xeral@sergas.es

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 2 de agosto de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións para proxectos de saúde pública no campo do VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual realizados en Galicia por entidades privadas sen ánimo de lucro.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Saúde Pública

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

PROXECTO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

AXUDA/S SOLICITADA/S

ORGANISMO	IMPORTE (€)

AXUDA/S CONCEDIDA/S

ORGANISMO	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de de



Dirección Xeral de Saúde Pública



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO III

DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO


NIF

DECLARA

Que acepta a subvención concedida ao abeiro da Orde do 2 de agosto de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións para proxectos de saúde pública no campo do VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual realizados en Galicia por entidades privadas sen ánimo de lucro.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Dirección Xeral de Saúde Pública

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE SANIDADE**ANEXO IV****DECLARACIÓN DE RENUNCIA DA SUBVENCIÓN****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO


NIF

DECLARA

Que renuncia á subvención concedida ao abeiro da Orde do 2 de agosto de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións para proxectos de saúde pública no campo do VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual realizados en Galicia por entidades privadas sen ánimo de lucro.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Dirección Xeral de Saúde Pública

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>